



## CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA)

Pza. Portal, 1 – 15813 SOBRADO

Tfno: 981787508. Fax: 981787577

E-mail: correo@sobrado.es

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: NOMEAMENTO DO PEÓN CONDUCTOR DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO ANO 2018, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

**EXPEDIENTE: 2018/G003/000159.**

**D. LUÍS LISARDO SANTOS ARES, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA),**

Vista a proposta do Tribunal de selección de data 19/06/2018 de nomeamento dos componentes da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2018 de acordo coas bases da convocatoria,

Vista a Memoria de Alcaldía de data 28/06/2018 sobre a necesidade urxente e a determinación dos postos de traballo da Brigada de incendios 2018 como servizo prioritario para a contratación de personal laboral temporal.

Vistos os certificados de superación de recoñecemento médico dos candidatos expedidos polos servizos contratados de prevención de riscos laborais en cuxa sede foron sometidos á recoñecemento médico na data 21/06/2018.

Visto que polos seleccionados foi presentada a documentación requerida de conformidade coa base 8ª da convocatoria en tempo e forma.

Considerando a baixa de D. Jorge Freire López como o peón conductor titular da brigada de incendios do Concello de Sobrado no ano 2018.

Visto que segundo a instancia presentada por D. Diego Santos Freire, manifesta que tamén é candidato no proceso selectivo de selección de persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios na categoría de Peón, e de ser seleccionado tras ambos procesos selectivos, sinala como prioridade do seu interese, a praza de Peón Conductor da brigada de prevención e defensa contra incendios, renunciando á praza de Peón.

Visto a base 7ª das bases para a selección de persoal laboral temporal para a brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais do ano 2018, e o Decreto de Alcaldía 127/2018, de data 28/06/2018, que indica que:

“Se algún/ha candidato/a inicialmente proposto/a renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios ou a documentación solicitada en orixinal a contratación sería a favor dos seguintes con maior puntuación total segundo o seguinte listado:

➤ **PEÓN CONDUCTOR:**

1. SANTOS FREIRE, DIEGO [...].”

**CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA)**

Pza. Portal, 1 – 15813 SOBRADO

Tfno: 981787508. Fax: 981787577

E-mail: correo@sobrado.es

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear ao seguinte componente da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2018 do Concello de Sobrado:

**PEÓN CONDUCTOR.**

APELIDOS E NOME	DNI
SANTOS FREIRE, DIEGO	78.809.089A

**SEGUNDO.-** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a alta do traballador na seguridade social e se asine o contrato con efectos de alta o 14/08/2018.

**TERCEIRO.-** Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación procedentes, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno. No caso de interpor recurso de reposición, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso interposto.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, do que eu, Secretario, dou fe.

Dou fe

O Alcalde

O Secretario-Interventor

Asdo.: D. Luis Lisardo Santos Ares

Asdo.: Emmanuel López Ares

*Firmado dixitalmente na data que figura ao marxe.*